

RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚE UN MEMBRO DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 24/5008

Feitos

Con data do 25 de outubro de 2024, a decana da Facultade de Economía e Empresa e presidenta da comisión de selección da praza 24/5008 de profesor/a asociado/a (convocada por Resolución reitoral do 8 de agosto de 2024), Carmen Socorro Lema Fernández, comunica que a secretaria da mesma, Emma M^a Iglesias Vázquez, directora del departamento de Economía, incorre con algún candidato en conflito de intereses dos establecidos no Real decreto 678/2023, de 18 de xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso as corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas de ditos corpos.

Consideracións legais e técnicas

Os apartados 6.4 e 6.5 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014), establece o procedemento para a substitución dos membros das comisións de selección que, por causa xustificada e así apreciada polo reitor, no poidan actuar como membros da comisión.

No presente caso as causas alegadas xustifican a substitución da secretaria da comisión de selección.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo con todo o que foi indicado, dispón a substitución, para a comisión da praza indicada, de Emma M^a Iglesias Vázquez por Antonio Javier Prado Domínguez, profesor do departamento de Economía de maior categoría e antigüidade.

A Coruña, na data da sinatura electrónica
Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)
A vicerreitora de Profesorado
María Teresa López Fernández

Código Seguro De Verificación	2s4cA43PyJCUF0fEYkiS+Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	28/10/2024 11:42:54
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/2s4cA43PyJCUF0fEYkiS+Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

